

REGLAMENTO DA ACTIVIDADE NON COMPETITIVA I ANDAINA DA SANTA COMPAÑA

A empresa Valdeorras Turismo S.L. coorganiza xunto co concello de Vilamartín de Valdeorras a actividade non competitiva denominada I ANDAINA DA SANTA COMPAÑA, que se desenvolverá o próximo **15 de marzo do 2025**, na parroquia de Arnado pertencente o mesmo concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

INSCRICIÓN

- A inscrición deberá realizarse a través da páxina web; www.sportmaniacs.com ou desde a APP cas condicións e prazos que figuran na devantida páxina web.
- Tamén se poderá facer de forma presencial no comercio Foot on Mars na localidade do Barco de Valdeorras, ou en Fimar Consultores en Vilamartín de Valdeorras.
- A proba está limitada a 200 participantes. Unha vez esgotadas as prazas pecharanse as inscricións.
- O prazo de inscrición comeza o 3 de febreiro do 2025 e finaliza o 12 de marzo de 2025.
- O precio da inscrición é de 12 euros para os primeiros 100 inscritos e de 15 euros para os inscritos do 101 a 200.
- O dorsal será entregado o mesmo día da actividade o 15 de marzo do 2025, no Castelo de Arnado en horario de 16:00 até as 19:00 horas. Para elo, será necesario presentar o DNI orixinal, carnet de conducir ou documento equivalente para estranxeiros.
- La inscrición da dereito a:
 - Avituallamiento situado na localidade de Correxais
 - Pinchada o rematar a proba.
 - Obsequios para participar no evento.
 - Seguro de RC e accidentes.

- As inscricións estarán abertas a toda persoa maior de 12 anos (os menores de 16 anos tendrán que ir acompañados por un adulto)

REGLAMENTO

- Farase entrega de un dorsal a cada corredor, que deberá ser situado na zona do peito, de maneira que, sexa sempre ben visible, sin doblar ou cortar.
- Todos os participantes asumen a responsabilidade que supón a participación dunha proba de estas características, e polo feito de saír, aceptan o presente reglamento.
- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os caos producidos por desplazamentos o lugar da competición ou desde o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo alleo a organización, estando estes últimos debidamente identificados.
- Está totalmente prohibido o uso de lume en todo o percorrido.
- É obrigatorio un sistema de alumeado homologado (frontal ou linterna) o tratarse de unha actividade que será desenvolvida en horario nocturno.
- A actividade desenvolverase entre as 19:30 horas e as 23:00.
- O descoñecemento de este reglamento non exime do seu cumprimento.

DEVOLUCIONES

- Ata o 15 de febreiro de 2025 o 100% da inscrición.
- Ata o 1 de marzo de 2025 el 50% da inscrición.

PERCORRIDO

- A actividade ten unha distancia de 10,7Km con un desnivel positivo ↑ de 414 m, que transcurre en todo momento pola senda da SANTA COMPAÑA (PR-G 271) nos concellos de O Barco e Vilamartín de Valdeorras. A saída comeza no Castelo de Arnado continuando por camiño de terra ancho uns 600m. Continuamos por

un sendeiro ata o barrio de Vilanova, onde se cruza o barrio facendo un xiro hacia a esquerda, por un camiño de terra ata o cruce ca estrada asfaltada que ven dende Valencia do Sil.

Tras un xiro a esquerda entrase na poboación de Correxais, onde se sitúa o avituallamento (pk4). Chegada do primeiro participante as 19:50 e do derradeiro as 20:30 horas.

Crúzase todo o pobo e continúaase por un sendeiros de uns 3 km chegando o camiño que ven desde o pobo de Fervenza. Xírase a esquerda, por un camiño ancho totalmente transitable 1,5 kilómetros, onde xiramos a esquerda por un sendeiro, que remata no pobo de Arnado, transitando os últimos kilómetros por o mesmo trazado inicial.

Chegada do primeiro participante as 21:00 e do último as 23:00 horas.

- O percorrido estará marcado pola Organización con cinta plástica de cor amarelo, cartazes de dirección e outros elementos de sinalética, que estarán ubicados a intervalos regulares, dependendo da tipoloxía do terreno. É RESPONSABILIDADE DE CADA PARTICIPANTE LOCALIZAR A SINALÉTICA E SEGUILA.
- A organización poderá realizar as modificacións que considere necesarias no percorrido, incluso a suspensión da proba, si as condicións meteorolóxicas así o aconsellen, ou por outras causas de forza maior. En este caso, e unha vez efectuada a saída, o importe da inscrición non será devolto.
- Haberá personal de Protección Civil e voluntarios da organización en puntos do percorrido onde se considere necesaria a súa ubicación.
- É obrigación de cada participante levar os seus desperdicios ata a meta ou lugares sinalados nos avituallamentos.

MATERIAL ACONSELLADO

- Material obligatorio:
 - Sistema de alumeado homologado (frontal ou linterna) cargados.
- Se recomenda a cada corredor levar o seguinte material (MATERIAL NON OBLIGATORIO):
 - Prendas de abrigo, o ser unha actividade nocturna en época de inverno.

- Chubasquero ou cortaventos manga larga de la talla axeitada.
- Manta térmica.
- Zapatillas con bon agarre, sola con debuxo e parte superior con elementos de fixación que manteñan a zapatilla ben suxeita o pé.

RETIRADA E ABANDONOS

- Calquer participante poderá retirarse da actividade sempre que o desexe entregando o seu dorsal o personal da Organización. A partir de ese momento asumirá calquer responsabilidade derivada da súa retirada.
- A Organización poderá retirar da actividade o participante que se considere que teña mermadas as súas capacidades físicas ou técnicas como causa da fatiga.
- O participantes están obrigados a prestar auxilio a os accidentados que sexan considerados con capacidades físicas ou técnicas mermadas causadas pola fatiga.
- Os participantes están obrigados a prestar auxilio a os accidentados ou a aqueles que o precisen.
- En caso de accidente, enfermidade ou ferida que precise asistencia, deberase avisar o teléfono da organización.

ACEPTACIÓN E RESPONSABILIDADE

- Os participantes do evento I ANDAINA DA SANTA COMPAÑA, participan de forma voluntaria sendo plenamente conscientes da lonxitude, desnivel e esixencia física da actividade que se desenvolverá baixo posibles condicións climáticas adversas de frío ou calor, chuvia ou vento, por terreno de montes a través de camiños e pistas.
- Os participantes deberán asegurarse de que as súas condicións físicas sexan as máis apropiadas para afrontar a proba, así como, levar e saber usar o material aconsellado, sendo responsabilidade súa os problemas que podan surxir no desenvolvemento da proba por ignorar estes requisitos.
- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente por negligencia do corredor, así como, a perda ou rotura dos obxectos personales de cada participante. Cada corredor será responsable de todo perxuízo ou lesión

que poida causarse así mesmo ou a terceiros, exonerando a Organización de calquer responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

- O participante acepta que as imaxes e reproducións que se xeneren de este evento deportivo, poderán ser utilizadas pola organización, para a proxección do evento, e nunca para o prexuízo das personas nin dos dereitos fundamentais das mesmas.
- **De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro da Protección de datos de carácter personal, todos os datos dos participantes recollidos no formulario de inscrición serán incluídos en un fichero privado propiedade de Valdeorras Turismo S.L., con fines exclusivos de xestión da proba, ademais de, para comunicacións a través da súa lista de correo electrónico da que poderán darse de baixa en calquera momento de forma sinxela.**